



SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL CULTURAL E DEPORTES

SECCIÓN DE CULTURA E DEPORTES

Referencia: BDEP-A / 2023

Expediente: 2023000005751

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS PARA DEPORTISTAS DA PROVINCIA 2023 - GRUPO A (12- 17 ANOS).

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Logo de ver os seguintes:

ANTECEDENTES

Primeiro.- Por resolución da Presidencia número 10234, do 15 de marzo de 2023 , foi aprobada a convocatoria das bolsas para deportistas da provincia 2023 cuxas bases foron publicadas no BOP número 49, do 13 de marzo de 2023.

Segundo.- Por resolución da Presidencia número 18465, do 9 de maio de 2023, foi nomeado o tribunal calificador, de acordo coas bases da convocatoria.

Terceiro.- Por resolución da Presidencia numero 20937, do 25 de maio de 2023, foi aprobada a relación provisional de persoas admitidas e excluídas do grupo A (12-17 anos).

Cuarto.- Por resolución da Presidencia numero 23813, do 13 de xuño de 2023, foi aprobada a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas do grupo A (12-17 anos).

Quinto.- Por resolución da Presidencia numero 2023 / 32145 , do 18 de agosto de 2023, foron aprobadas as puntuacións das persoas solicitantes das bolsas para deportistas da provincia 2023 Grupo A (12-17 ANOS), e a concesión provisional das bolsas , concedendo prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución provisional na web da Deputación Provincial da Coruña, para que as persoas solicitantes poidan comunicar, se é o caso, o desestimento da solicitude, ou presentar alegacións.

Sexto.- No prazo de alegacións concedido:

. Diego Suárez Martínez solicita, o 23 de agosto de 2023, os criterios de avaliación do Historial Deportivo incluíndo a puntuación e xustificación de estar no Nivel 4 e os criterios de avaliación do proxecto deportivo incluíndo a puntuación e xustificación da avaliación de cada un dos seus aspectos: grao de interese, proxección de futuro e progresión de resultados. Información que lle foi notificado ao interesado o 28 de agosto de 2023.

O 5 de setembro solicita: *“revisen la valoración que han otorgado tanto en “Progresión nos dous últimos anos” que entendemos debería de pasar de 3,5 a 4 puntos, así como en “Grao de Interese Deportivo”, de 1,5 a 2 puntos, por entender que no se ajusta a la realidad ni es homogénea con la otorgada a otros deportistas de su misma disciplina y con menos méritos deportivos”*. O tribunal emitiu informe confirmando a puntuación outorgada a Diego Suárez Martínez, que lle foi notificado á interesada o 11 de setembro de 2023.

Nora García Maestu solicita revisión da puntuación outorgada e os criterios aplicados para a distribución das puntuacións outorgadas. O tribunal emitiu informe confirmando a puntuación outorgada a Nora García Maestu, que lle foi notificado á interesada o 1 de setembro de 2023.

Vistos os antecedentes sinalados, as disposicións legais de aplicación, e os informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización,

RESOLVO:

Primeiro.- Desestimar as alegacións presentadas por Diego Suárez Martínez e por Nora García Maestu, de conformidade cos informes do tribunal.

Segundo.- Conceder definitivamente as bolsas ás persoas solicitantes polos importes que se indican:

Orde	Expediente	Solicitante	Deporte	Importe
1	2023000020023	Suárez Couto, Damián	Triatlón	3.500,00 €
2	2023000017797	Videla Miguens, Víctor	Taekwondo	3.500,00 €
3	2023000020428	Canedo Otero, Paula	Halterofilia	3.500,00 €
4	2023000021242	García Suárez, Helena	Taekwondo	3.500,00 €
5	2023000021072	Filgueiras Barcenilla, María	Ciclismo	3.500,00 €
6	2023000020281	Kim Yuom, San	Esgrima	3.500,00 €
7	2023000020745	Romero Fernández, Noa	Taekwondo	3.500,00 €
8	2023000021211	Salaño Varela, Aris	Halterofilia	3.500,00 €
9	2023000021320	Pereira Eiriz, Jorge	Esgrima	3.500,00 €
10	2023000021336	Varela Tubio, Daniel	Golf	3.500,00 €
11	2023000020277	Franco Martínez, Tomasa	Taekwondo	3.500,00 €
12	2023000021026	Canosa García, Brais	Taekwondo	3.500,00 €
13	2023000020553	López Gonzalez, Borja	Piragüismo	3.500,00 €
14	2023000021169	Pazos Trillo, Lucía	Judo	3.500,00 €
15	2023000019747	Allegue Pena, Oscar Juan	Piragüismo	3.500,00 €

Terceiro.- Dispor o gasto das bolsas concedidas con cargo á partida orzamentaria 0612/3411/481, documento contable A número 220230007628 sendo o importe total proposto de 52.500,00 €.

Cuarto.- Nomear suplentes ás seguintes persoas solicitantes, pola orde que se indica, logo de desfacer o empate entre os solicitantes que obtiveron a mesma puntuación.

Para dirimir o empate entre os suplentes que obtiveron 18 puntos, valóranse outros méritos acreditados no historial deportivo, de conformidade co criterio de segundo resultado de maior nivel deportivo. No caso de persistir o empate, valóranse os seguintes resultados de maior nivel deportivo

Orden da suplencia	Solicitante	Deporte	Puntos	Outros méritos para desfacer o empate
1º	Silo Mengue, Digna Ada	Halterofilia	18	Cto. Nacional 1º sub15 Arrancada Cto Nacional 1º sub 15 Dos tiempos
2º	Lopez Moure, Enzo	Atletismo	18	Cto Nacional 1º sub 16 Javalina Aire libre Cto Autonómico 1º sub 16 Javalina
3º	Suárez Martínez, Diego	Natación	18	Cto. Nacional 4º alevín 100m espalda
4º	Fajardo Sampedro, Alissa	Taekwondo	18	Cto. autonómico 1º cadete

Quinto.- Denegar as restantes solicitudes

Sexto.- Publicar a presente resolución de concesión definitiva na sede electrónica (<https://sede.dacoruna.gal/sxc/gl/informacion/>), co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.